

CANTIGAS DO VIÑO

**Bota viño do ribeiro
Taberneiro bota viño**
Bota viño do ribeiro
Que en Galicia pra cantar-e
Temos que beber primeiro
Temos que beber primeiro
Ai e le lo, ai e la lo.

O viño do ribeiro
Eu non sei qué lle fan
Que canto máis del bebes
Máis ganas del che dan
Máis ganas del che dan
Máis ganas del che dan
O viño do ribeiro
Eu non sei qué lle fan.

**Ribeira, ribeira Sacra
Ai ribeira do meu amor-e**
Ribeira, ribeira Sacra
Ai ribeira do meu amor-e
O viño da ribeiriña
Cosquistoume o corazón-e
O viño da ribeiriña
Cosquistoume o corazón-e.

Da Ribeira Sacra
O viño tamén
Ten sona dabondo
Ten un non sei qué
Ten un non sei qué
Ten un non sei qué
Da Ribeira Sacra
O viño tamén.

**O viño de Valdeorras
É viño que fai cantar-e**
Se bebes moito de noite
Sábeche pola mañán-e
Sábeche pola mañán-e.

O viño de Valdeorras
Ledicia do corazón
Se bebemos un grolíño
Cantaremos ó seu son.
Cantaremos ó seu son.
Cantaremos ó seu son.
O viño de Valdeorras
Ledicia do corazón.

**Bebín un viño Albariño
Por ver se me consolaba**
Bebín un viño Albariño
Por ver se me consolaba
E o viño como era novo
E o viño
O viño como era novo
Ó ilo a beber choraba.
E o viño como era novo
E o viño
O viño como era novo
Ó ilo a beber choraba.

Beber Albariño que bonito é
Que nas Rías Baixas
O orgullo che é
O orgullo che é
O orgullo che é
Beber Albariño que bonito é.